

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 17 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se fai pública a relación de prazas correspondentes ao ámbito de Galicia que se lles ofrecen aos aspirantes aprobados nas probas selectivas para o ingreso no corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza, quenda libre, convocadas pola Orde XUS/1654/2010, do 31 de maio.

De conformidade co establecido na base décimo sexta da Orde XUS/1294/2010, do 5 de maio, pola que se establecen as bases comúns que rexerán os procesos selectivos para o ingreso ou acceso nos corpos e escalas de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza (*Boletín Oficial del Estado* do 19 de maio de 2010), a Dirección Xeral de Xustiza

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública a relación de prazas desertas no ámbito territorial de Galicia (anexo I) que se lles ofrecen aos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso polo sistema xeral libre no corpo de xestión procesual e administrativa convocado pola Orde XUS/1654/2010, do 31 de maio.

Segundo. As solicitudes de destino dos aspirantes deste ámbito dirixiranse á Dirección Xeral de Xustiza, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e presentaranse no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*, se non é simultánea coa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, en:

a) As oficinas de rexistro da Xunta de Galicia: Rexistro Único, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nas distintas localidades.

b) Os rexistros das delegacións e subdelegacións do Goberno da Administración xeral do Estado, ou en calquera dos órganos ou oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As que se presenten nas oficinas de correos enviaranse por calquera das dúas modalidades seguintes:

a) Por correo ordinario, en cuxo caso deberán ter entrada no Rexistro Xeral do Ministerio de Xustiza antes da data de finalización do prazo de presentación de instancias.

b) Por correo certificado, en cuxo suposto se presentarán nas oficinas de correos en sobre aberto para seren datadas e seladas polo persoal de correos antes de seren remitidas.

Terceiro. As solicitudes formalizaranse segundo o modelo que aparece como anexo II desta orde, de acordo coas seguintes instrucións:

– No modelo de instancia poderanse relacionar ata un máximo de 50 postos de traballo, con indicación do órgano, da localidade e mais da provincia.

– No caso de non lle corresponder ningún dos destinos especificados deste xeito, seguirase a orde de preferencia por provincias que os interesados indiquen no modelo de solicitude.

– Dentro de cada provincia, os destinos serán adxudicados pola seguinte orde:

1. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
2. Tribunais superiores de xustiza.
3. Audiencias provinciais.
4. Fiscalías.
5. Institutos de medicina legal.
6. Decanatos e servizos comúns.
7. Xulgados de instrución.
8. Xulgados do penal.
9. Xulgados de vixilancia penitenciaria.
10. Xulgados de violencia sobre a muller.
11. Xulgados de primeira instancia.
12. Xulgados do mercantil.
13. Xulgados do contencioso-administrativo.
14. Xulgados do social.
15. Xulgados de primeira instancia e instrución.
16. Xulgados de menores.
17. Xulgados de paz.

Cuarto. Unha vez rematado o curso selectivo e mais o período de prácticas, e sumadas estas puntuacións á da fase do concurso-oposición, procederáse á adxudicación segundo a orde obtida en todo o proceso selectivo.

Quinto. Ningún aspirante poderá anular nin modificar a súa solicitude, unha vez terminado o prazo de presentación.

Sexto. De non formular solicitude de prazas ou non lle corresponder ningunha das solicitadas, procederáse a destinalo, con carácter forzoso, a calquera das prazas non adxudicadas.

Sétimo. A adxudicación dos destinos farase con carácter forzoso, de acordo coa orde de puntuación obtida nas probas selectivas no ámbito da Península e Baleares.

Oitavo. Os destinos adxudicados terán carácter definitivo, equivalente para todos os efectos aos obtidos por concurso, sen que poidan participar neste ata que non transcorran dous anos desde a data da resolución na que se lles adxudique destino definitivo. Para o cómputo dos dous anos atenderase ao establecido no parágrafo segundo do artigo 529.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Dirección Xeral de Xustiza, ou ben recurso contencioso-administrativo ante os xulgados centrais do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2012.

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

ANEXO I Relación de prazas Xestión procesual e administrativa. Quenda libre

Posto de traballo	Localidade	Provincia	Comunidade	Función xdos. paz	Total
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Muros	A Coruña	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Ribeira	A Coruña	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3 (VSM)	Ribeira	A Coruña	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 2	O Barco de Valdeorras	Ourense	Galicia		1
Xdo. de Paz	Viana do Bolo	Ourense	Galicia	Secret. funcións	1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Cambados	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3 (VSM)	Cambados	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 4	Cambados	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Cangas	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3	Cangas	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Marín	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 2 (VSM)	Marín	Pontevedra	Galicia		2
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3 (VSM)	O Porriño	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1	Redondela	Pontevedra	Galicia		3

Posto de traballo	Localidade	Provincia	Comunidade	Función xdos. paz	Total
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 1 (VSM)	Tui	Pontevedra	Galicia		1
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3	Tui	Pontevedra	Galicia		2
Xdo. 1.ª Inst. e Instr. número 3 (VSM)	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Galicia		1

ANEXO II

Solicitud de destino para os aspirantes aprobados nas probas selectivas convocadas pola Orde XUS/1654/2010, do 31 de maio, para o ingreso no corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de xustiza, quenda libre

NIF:..... PRIMEIRO APELIDO:..... SEGUNDO APELIDO:..... NOME:.....			
Número de orde no proceso selectivo		Teléfono de contacto:	
Ámbito territorial no que realizou as probas selectivas:			
Destino por orde de preferencia (véxase a convocatoria de prazas)			
CENTRO DE TRABALLO			
N.º de orde	Órgano	Localidade	Provincia
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			
31			
32			

CVE-DOG: me01o8dd6-ttr0-35e8-dmu1-m4ww4zyzdnr8

N.º de orde	Órgano	Localidade	Provincia
33			
34			
35			
36			
37			
38			
39			
40			
41			
42			
43			
44			
45			
46			
47			
48			
49			
50			

Provincias por orde de preferencia (véxase a convocatoria de prazas)

1	11	21
2	12	22
3	13	23
4	14	24
5	15	25
6	16	26
7	17	27
8	18	28
9	19	29
10	20	30

....., de de 2012.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Praza Europa 5A 4.^a planta
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA